

RECUPERACIÓN DUN DISCURSO ESQUECIDO DE MANUEL MURGUÍA

OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Temos a ocasión de recuperar para a revista *Madrygal*, agora que por fin Manuel Murguía é lembrado no Día das Letras Galegas, o texto do tan citado como descoñecido *Discurso de Gracias* co que pechou o guía galeguista os Xogos Florais cataláns do 1890 e que durmía o sono dos benditos na Biblioteca de Cataluña (M. Murguía, 1890)¹. Había dous anos que publicara Murguía a súa obra *Galicia* nunha colección adicada polo editor barcelonés Daniel Cortezo ás distintas rexións españolas, e aínda non pasara un ano do famoso contraataque a Antonio Sánchez Moguel pola súa diatriba descualificadora de Galicia. Neste tempo próximo á fin de século e anterior ó proxecto *Solidaridad Gallega* de acción conxunta cos catalanistas, M. Murguía e A. Brañas protagonizan unha serie de contactos entre galegos e cataláns para opoñeren as mesmas reivindicacións ós abusos do caduco centralismo españolista. A. Brañas, que publicaría o seu libro *El Regionalismo* tamén en Barcelona (A. Brañas, 1899), con grande eco entre políticos como F. Pi i Maragall, amósase máis fervorosamente *catalanista* que M. Murguía, quen falou na Lliga de Cataluña o mesmo ano 1890 da posible anterioridade no tempo –1843– da «*moderna manifestación del espíritu regional gallego*», co propósito de non caer na subestimación de seu que tanto dano levaba facendo en Galicia (M. Murguía, 1890b). Con todo, manifesta claramente neste discursiño a súa cobiza de irmandade co pobo catalán.

M. Murguía compón este discurso como mantedor dos Xogos e tras ser nomeado *Mestre do Gay Saber*. O texto aparece na recompilación dos Xogos Florais en catalán, e se temos en conta a información que fornece X. Filgueira Valverde verbo da lectura por J. Verdaguer doutro discurso que compo-

ría tres anos despois A. Brañas como mantedor dos mesmos Xogos, habemos de supoñer que o discurso de M. Murguía tamén sería lido en catalán por outro prócer da terra (X. Filgueira Valverde, 1985). A lingua orixinal abofé sería o castelán, forzoso vehículo de comunicación entre cataláns e galegos.

Despois dun amplo exordio onde fai profesión de amor eterno a Cataluña, entra no tema de seguido: non se trata só de dar gracias a tódolos que participaron no Certame, senón de lembrarlles que deben sentirse orgullosos de cumprir co seu deber «*inehudible e sagrado*» como fillos de Cataluña fronte á ollada hostil do centralismo. M. Murguía explica o valor nacionalista que ten, como escapate de afirmación e loita, a celebración dos Xogos Florais –como se sabe, exportados a Euskadi e Galicia unhas décadas antes, e estudiados por A. Brañas no seu libro fundamental–. Non remata aquí o orador, senón que entra na parte fundamental do seu discurso: el representa nese intre a Galicia, e é este país quen recibe a honra e o lugar que lle están a outorgar a el. Galicia irmándase con Cataluña neste saúdo porque alá se leva a cabo a mesma loita pacífica, que M. Murguía pinta con trazos relixiosos, aludindo á terra de Promisión dos hebreos e á agrupación dos cruzados para a reconquista dos Santos Lugares. A historia, mestra para Murguía no camiño nacionalista, agocha o segredo da unión entre cataláns e galegos –mágoa non dar sabido a qué historiador galego alude na súa incompleta referencia–. O derradeiro tramo do discurso, artellado con habelenciosa retórica, contén unha serie de exhortacións ós cataláns para que non desfalezan na andaina emprendida: non renunciar nunca á meta, coidar o idioma, protexer ós poetas-voceiros da alma do pobo, cultivar a historia e amar o seu.

Este discurso en catalán ofrece, entre outras novas, unha variedade moi significativa de termos para referirse ó que daquela por Galicia se adoita-

¹ O texto que presentamos foi traducido por Juan M. Ribera e Olivia Rodríguez.

ba chamar *rexión*, e amosa no breve espacio que ocupa os elementos claves da nación segundo o precursor Manuel Murguía, elementos que seguirán a manterse na súa meirande parte ó longo das doutrinas do nacionalismo galego do século XX. Podemos considerar o discurso co que dá inicio en galego ós Xogos Florais de Tui do 1891 un proseguimento, no ton e nas referencias relixiosas anteditas, desta alocución de gracias pensada para o auditorio catalán. Desexamos velo definitivamente incorporado ó resto da súa obra recuperada.

XXI. DISCURS DE GRACIAS, DE D. MANUEL MURGUÍA

SENYORS:

Ja ara més que may!... perché si avans m'eràn estimats la terra y 'ls pensamentos que floreixen dessota d'aquest cel, desde que he respirat los ayres de las planuras catalanas y ha arribat á mas orellas la remor de las onas de vostre Mediterrá, sembla que m'hage unit á vosaltres en cos y ánima, dihentme á mi mateix: ¡Y aixó per sempre!

¡Per sempre, donchs!...y que tan manifesta confesió de nostra confraternitat y tant palesa afirmació dels ideals comúns siga d'aquí endavant per tots, com ho es per mí, una y perdurable!

Ja, senyors, no queda ni temps sisquera porque jo cumplei'l cárrech agradosamente acceptat de donar gracias á quants s'han dignat concorrer al Certámen literari, en que, baix una forma modesta en aparencia, afirmou anyalment la vostra nacionalitat y dihéu que sou avuy ahont érau ahir y ahont vos trobareu sempre. Felisment per mí aquest deber de cortesía me concedeix la honra desusada de dirirme á vosaltres en nom de mos companys de consistori, en nom de nostra estimada Catalunya en cert modo també, en nom d'aquell hermós país de Galicia, tant de la meva ánima, y ja tant de vostre cor que es com si en realitat las duas regions fossen una sola, puix que senten los mateixos dolores, cobejan iguais reivindicacions y ván derrera dels mateixos ideals.

Permetéume, no obstant, que al dirvos: —Gracias— per la sanción que ab vostra presenza donéu als pensamentos que donan vida y llegalitat á eixos certámens, feconds en obras de bona voluntat, afegeixi que devéu estar orgullosos de concórrer á a unas festas en que tot lo que es privatiu se manifesta, res-

plandeix, s'afirma y casi podría afegirshi se perpetua y triomfa. Aixó deu bastarvos y sé que vos basta. Coneixéu de sobres vostres debers de fills amantísimos de la pátria catalana, y de bon grat cumplí ab ells. Es una felicitat de que may podrán privarvos los egoismes centralistas, que miran ab rezel y fins ab notori enuig lo que per tots nosaltres —los que vivíu arrán de las blavas onas mediterráneas, com los que ohím lo llatch gemench y l'esclat de las onas del mar Atlántich— es ineludible y sagrat.

Peró mentres dura la peregrinació, mentres lo desert nos separa de la terra de promissió, celebréu, senyors, aquest Jochs del Gay Saber, afegíu á ells y déuloshi ab vostra presencia la solemnitat que necessitan porque sian més efectius, porque aixis es com probau á tots que sou un poble que vá paulatina y constantment no sols á la reconquesta de las perdudas llibertats, no sols á asegurar las que encara teníu, sinó també á afirmar la autonomía regional á que vos dona dret tant l'haverla possehit com los gloriosos recorts de vostra historia y fins lo trist recort de las desventuras sofertas que portaren la ruina de lo que tant estiméu, y que no es necessari anomenar aquí porque tots ho portéu escrit en vostre cor ab carácters indelebles.

Dit aixó sembla que rés me queda per dir; aixís fora, certament, si un deber d'agrahiment no m'obligués, fins exposantme á cansar vostra atención, á pronunciar algunas paraulas més, paraulas que essent la sincera expressió de mon agrahimet, per las deferencias de que vos soch deutor, serveixin, ensempls, de pública manifestació dels desitjos que m'animan y fins á cert punt excusan ma presencia en aquest lloch.

Bé entench, senyors, que la honra otoragada no es tant á mí á qui la concedíu, com á un país que adora 'l mateix altar que 'l poble de Catalunya; no al quí teníu en vostra presencia, sino á la terra en nom de la qual vos parla, y que al concedirme un lloch á vostre costat saludéu á Galicia en quin nom vos retorno 'l més carinyós dels saludos. Y en veritat vos dich que haventla escullida no podíu mellor ensopegarho, porque també allá se senten las fervorosas aspiracions de vostre cor, també allá s'ha de refer una nacionalitat perdida, consagrar un idioma, ressucitar una literatura, afirmar una vida anterior, conquerir lo que allá y aquí tots desitjém, en una paraula, aixecar per sempre 'ls patris altars, en los quals hagin d'oferirse diariament las eternas libacions en nom del amor sens mácula, l'áamor á la regió nadíua.

Y, ja que 'ns uneix un pensament igual, y 'ns alentan las mateixas esperansas, tant que allá sentím

vostres sospirs y aquí repercuteixen nostres dolors, escoltéu la veu germana que os diu que en las platjas del Océa que esclata impetuós en las costas gallegas, ara esquerpas y desoladas, ara hermosas y rioleras com ben pocas, teníu qui combrega ab vosaltres en la mateixa relixió de la patria, qui vos acompaña en vosta marxa, qui uneix son pensament al vostre, qui, en fi, com aquells creuhats que, partint de tots los pobles de la cristiandat, sens altre objecte que combátrer per Jesucrist y rescatar los sants lochs que regá ab sa sanch lo Redemptor, acur á la veu amiga que `l crida, y `s dispoza per aquela generosa Illuyta, derrera la qual está, no ho dubtéu, la victoria més estimada del cor dels cataláns y dels gallegos.

Aixó no es d' avuy: un misterios llás nos uneix fá molt temps, puix que ja en lo sigle XVII homes de llengua gallega combateren al mateix temps que vosaltres per sa nacionalitat y un fill d' aquella reivindicada, contá ab la severa concissió de Tácit y tal com esqueya á nostre carácter la *Historia de la rebelión de Cataluña*, en quinas planas inmortalas feü justicia al valor y abnegació de que llavoras los cataláns donáren probas.

Ja no `s renovarán aquells successos porque las conquistas del dretse fán avuy pacíficamente, pero tinch la seguritat que voste día está próxim y aquest día será també `l nostre día. Bastará per aixó que no desdiguéau en lo camí emprés; que seguíu usant y exaltant voste idioma, porque si no es aquest l' únich signe d' una nacionalitat distinta, en cambi constituheix sa afirmació més clara; que estiméu vostres poetas regionals y sa obra reivindicativa, porque en sas venas s' enclou l' ánima del poble catalá é hi palpita tota sa vida particular y quant es genial en vosaltres; que conreheu la historia, porque en sos recorts trobareu la rahó y l' legitimat de la pacífica resistencia que `ls pobles ab passats autonómich opositan á las invasions del centralisme: en una paraula, que estiméu tot lo vostre, porque quant més gran sia l' amor que en aixó poséu tant més avansaréu la esperada victoria.

He Dit.

DISCURSO DE GRACIAS DE D. MANUEL MURGUÍA

SEÑORES:

¡Agora xa máis que nunca!... Porque se antes me eran amados a terra e os pensamentos que florecen

baixo este ceo, des que respirei os aires das chairas catalanas e chegou ós meus oídos o rumor das ondas do voso Mediterráneo, parece que me unise a vos en corpo e alma, dicíndome a min: ¡E isto para sempre!

¡Para sempre, pois!... ¡E que tan manifesta confesión da nosa confraternidade e tan declarada afirmación dos ideais comúns, sexa de aquí en adiante para todos, como o é para min, unha e perdurable!

Xa, señores, non queda nin tempo sequera para que eu cumpra o cargo gustosamente aceptado de dar gracias a cantos se dignaron concorrer ó Certame literario, no que, baixo un xeito modesto en aparencia, afirmades anualmente a vosa nacionalidade e dicides que estades hoxe onde estabades onte e onde vos atoparedes sempre. Felizmente para min este deber de cortesía concédeme a honra desusada de me dirixir a vos no nome dos meus compañeiros de Consistorio, no nome da vosa amada Cataluña e en certa maneira tamén, no nome de aquel fermoso país de Galicia, tan da miña alma, e xa tan do voso corazón, que é como se en realidade as dúas rexións fosen unha soa, posto que senten as mesmas dores, cobizan iguais reivindicacións e van tralos mesmos ideais.

Permitídeme, non obstante, que ó vos dicir: –Gracias– pola sanción que coa vosa presenza dades ós pensamentos que fornecen vida e lexitimidade a estes certames, fecundos en obras de boa vontade, engada eu que cómpre estardes orgullosos de concorrer a unhas festas nas que todo o que é enxebre se amosa, resplandece, se afirma e case podería engadirse a iso, se perpetúa e triúnfá. Isto debe vos abundar e sei que vos abunda. Coñecedes suficientemente os vosos deberes de fillos amantísimos da patria catalana, e de bo grao cumprides con eles. É unha felicidade da que nunca vos poderán privar os egoísmos centralistas, que ollan con receo e ata con notoria carraxe o que para todos nós, os que vivides á beira das azuis ondas mediterráneas, coma os que escoitamos o longo bruar e estouro das ondas do Mar Atlántico é ineludible e sagrado.

Pero mentres dura a peregrinación, mentres o deserto nos afasta da terra de promisión, celebrede, señores, estes Xogos do Gay Saber, engadide a eles e dádeslles coa vosa presenza a solemnidade que necesitan para que sexan máis efectivos, porque así é como probades a todos que sodes un pobo que vai paulatina e constantemente, non só á reconquista das perdidas liberdades, non só a asegurar as que aínda tedes, senón tamén a afirmar a autono-

mía rexional á que vos dá dereito tanto o tela posuído como as gloriosas lembranzas da vosa historia e ata o triste recordo das desventuras sufridas que trouxeron a ruína do que tanto amades, e que non é necesario nomear aquí porque todos o levades escrito no voso corazón con caracteres indelebles.

Dito isto, seica máis nada me queda por dicir; así sería, abofé, se un deber de agradecemento non me obrigase, ata correndo o risco de cansar a vosa atención, a pronunciar algunhas palabras máis, palabras que sendo a sincera expresión do meu agradecemento, polas deferencias das que vos son debedor, servisen asemade, de pública manifestación dos desexos que me animan e ata certo punto escusan a miña presenza neste lugar.

Ben entendo, señores, que a honra outorgada non é tanto a min a quen a concediades, como a un país que adora o mesmo altar có pobo de Cataluña; non ó que tedes perante vosa, senón á terra no nome da cal vos fala, e que ó me conceder un lugar canda vós, saudades a Galicia, devolvéndovos eu no seu nome o máis agarimoso dos saúdos. E en verdade vos digo que, escolléndoa, non podíades mellor atinar, porque tamén alá se senten as fervorosas aspiracións do voso corazón, tamén alá ha de refacerse unha nacionalidade perdida, consagrar un idioma, resucitar unha literatura, afirmar unha vida anterior, conquistar o que alá e aquí todos desexamos, nunha palabra, erguer para sempre os patrios altares, nos que haxan de ofrecerse diariamente as eternas libacións no nome do amor sen mácula, o amor á rexión nativa.

E, xa que nos une un pensamento igual e nos alentan as mesmas esperanzas, tanto que alá sentimos os vosos suspiros e aquí repercuten as nosas dores, escoitade a voz irmá que vos di que nas praias do Océano que estoura impetuoso nas costas galegas, agora esgrevias e desoladas, agora fermosas e riseiras coma moi poucas, tedes quen comunga convosco na mesma relixión da patria, quen vos acompaña na vosa marcha, quen une o seu pensamento ó voso, quen, en fin, como aqueles cruzados que, partindo de tódolos pobos da cristiandade, sen outro obxecto que combater por Xesucristo e rescatar os santos lugares que regou co seu sangue o Redentor, acode á voz amiga que o chama, e dispónse para aquela xenerosa loita, trala cal está, non o dubidedes, a victoria máis amada do corazón dos cataláns e dos galegos.

Iso non vos é cousa de hoxe: un misterioso lazo únenos hai moito tempo, posto que xa no século XVII homes de lingua galega combateron ó mesmo tempo que vós pola súa nacionalidade e un fillo daquela patria reivindicada, narrou coa severa concisión de Tácito e tal como correspondía ó noso carácter, a *Historia de la rebelión de Cataluña*, facendo xustriza nas súas páxinas inmorredoiras á afouteza e á abnegación das que daquela os cataláns deron probas.

Xa non se renovarán aqueles sucesos porque as conquistas do dereito se fan hoxe pacificamente, pero teño a seguridade de que o voso día está próximo e este día será tamén o noso día. Abondará para iso que non vos desdigidades do camiño encetado; que sigades a usar e exaltar o voso idioma, porque se non é este o único signo dunha nacionalidade distinta, si constitúe a súa afirmación máis clara; que amedes os vosos poetas rexionais e a súa obra reivindicativa, porque nas súas veas se agocha a alma do pobo catalán e alí latexa toda a súa vida de seu e canto é xenial en vós; que cultivedes a historia, porque nas súas lembranzas atoparedes a razón e a lexitimidade da pacífica resistencia que os pobos con pasado autonómico opoñen ás invasións do centralismo: nunha palabra, que amedes todo o voso, porque canto máis grande sexa o amor que niso poñades, tanto máis adiantaredes a agardada victoria.

Dixen.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BRAÑAS, Alfredo (1889), *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*, Barcelona, Jaime Molinas.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1985), «*Limiam*», *Gallegos en Catalunya* (2), de Manuel Rodríguez López, Barcelona, Centro Galego: 7-8.
- MURGUÍA, Manuel (1890a), «*Discurs de gracies*», *Jochs Florals de Barcelona, any XXXII de llur restauració*, Barcelona, La Renaixensa: 261-266.
- (1890b), «*Origenes y desarrollo del regionalismo en Galicia*»
- (1891), «*Discurso nos xogos froráis de Tuy*» en Manuel Murguía de Vicente Risco, Vigo, Galaxia, 1976: 133-161 e 75-90, respectivamente.